

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 04 DE ABRIL DE 2022

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00016208R.

Aprobación de actas de sesións anteriores.

Apróbanse as actas correspondentes ás seguintes sesións:

- Extraordinaria e urxente de data 25 de marzo de 2022.
- Ordinaria de data 28 de marzo de 2022.

2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/1474/2019.

Licenza obra maior.

Acórdase:

Conceder á Comunidade de propietarios Rianxo 2 licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución presentado na data 24/09/2019, a instalación dun ascensor e rehabilitación das fachadas do edificio situado na Rúa Rianxo, 2 Santiago de Compostela (A Coruña) cun orzamento de execución de 210.500,00 euros.

3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2020/00005681C.

Rectificación do acordo da licenza en rúa de Algalia de Arriba,32.

Acórdase rectificar o acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago de Compostela do 28 de marzo de 2022 , no sentido de aclarar e para facer constar que onde di "...D. Jaime Terceiro Lomba..." *debe dicir " ..D. José Antonio Costoya Puente "* ratificando as restantes disposicións da resolución concedida.

4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00027513V.

Licenza obra maior.

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución de data de visado do 10/11/2021, rehabilitación e reforma de dúas vivendas situadas na Rúa Rodas, 10 (baixo e 1º) Santiago de Compostela (A Coruña) cun orzamento de execución material de 158.632,96.

5. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00008575B.

Licenza obra maior.

Acordos conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto de data de visado do 23/02/2022, cun orzamento de execución material de 14.856,00 €, construción dunha piscina privada descuberta na Parroquia de Nemenzo Lugar A Pedra, 17, Santiago de Compostela (A Coruña).

6. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00042279V.

Adjudicación das obras de “Acondicionamento e mellora dos pavimentos no núcleo de Pardiñas (Laraño) POS+2021” á empresa OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL.

Acórdase:

-Adjudicar as obras de “Acondicionamento e mellora dos pavimentos no núcleo de Pardiñas (Laraño) POS+2021” á empresa OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL, por importe de 357.371,90 euros máis 21% IVE; 78.828,10 euros, sendo a súa proposta a máis vantaxosa das presentadas.

-Comprometer o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 100 45400 6190000 2020 2 PPROV 35 4, conforme a seguinte anualidade e importe:

Anualidade 2022: **436.199,90 euros**

7. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00042278Q.

Adjudicación do contrato que ten por obxecto, a Execución do proxecto "Ampliación paso superior da Ruta da Prata sobre FF.CC. na cañoteira-Outeiro de Marroxos".) (POS+2017) Deputación Provincial da Coruña.

Acórdase:

Primeiro: Adjudicar o contrato que ten por obxecto, a Execución do proxecto "Ampliación paso superior da Ruta da Prata sobre FF.CC. na cañoteira-Outeiro de Marroxos".) (POS+2017) Deputación Provincial da Coruña” a empresa ESTRUCTURAS TÉCNICAS Y SERVICIOS DE REHABILITACIÓN SL, por un importe total de **205.646,20** euros (Base imponible: 169.955,54 euros, IVE do 21%: 35.690,66 euros), sendo a súa oferta a única presentada.

Segundo: Comprometer o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 100 45400 6190000. Código de Proxecto: 2017 2 PPROV 35 2 conforme a seguinte anualidade e importe.

Anualidade 2022: **205.646,20 euros.**

8. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00004057L.

Aprobación do expediente denominado “Concesión de uso privativo de dominio público municipal para a colocación de COLECTORES DE ROUPA e CALZADO usados e outros téxtiles no municipio de Santiago de Compostela. Reservado a centros especiais de emprego e empresas de inserción social D.A. 4ª LCSP”.

Apróbase o expediente denominado “Concesión de uso privativo de dominio público municipal para a colocación de COLECTORES DE ROUPA e CALZADO usados e outros téxtiles no municipio de Santiago de Compostela. Reservado a centros especiais de emprego e empresas de inserción social D.A. 4ª LCSP.” e a apertura do procedemento de adjudicación mediante procedemento aberto, establecéndose un tipo mínimo de licitación en forma de canon a abonar a este Concello de 2.400,00 euros.

9. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00059059F.

Reaxuste anualidades do contrato de Aluguer dun local situado na Casa Parroquial de Barciela para uso sociocultural e asociativo da parroquia de Barciela, no lugar de Sigüeiro.

Acórdase proceder ao reaxuste das anteditas anualidades do contrato de Aluguer dun local situado na Casa Parroquial de Barciela para uso sociocultural e asociativo da parroquia de Barciela, no lugar de Sigüeiro, asinado con data 3 de marzo de 2022 con LA IGLESIA CATÓLICA ARZOBISPADO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, adaptándoas á realidade do contrato do seguinte xeito:

Anualidade 2022. 4.470 euros.

Anualidade 2023: 930 euros.

10. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00024531W.

Autorización inicio de trámites para a recepción das obras de “Execución do proxecto de “Urbanización da unidade de actuación nº 11 do PERI Fontiñas-Cotaredo-San Lázaro (Urbanización da ZL-75).

Acórdase:

Primeiro: Validar as actuacións realizadas na fase de execución das obras de referencia, acordando unha ampliación do prazo de execución das obras por causa inimputable ao contratista e establecendo como data definitiva para a finalización das obras o 14 de febreiro de 2022.

Segundo: Autorizar o inicio de trámites para a recepción das obras de “Execución do proxecto de “Urbanización da unidade de actuación nº 11 do PERI Fontiñas-Cotaredo-San Lázaro (Urbanización da ZL-75)”, nomeando representante da administración ao técnico municipal e responsable das obras de referencia, que unha vez autorizada dita recepción, deberá comunicar a Intervención Municipal, lugar e hora para concorrer ao acto.

A fin de acreditar o control e supervisión das obras e a idoneidade das mesmas para poder proceder á súa recepción, a empresa contratista das obras e a Dirección Facultativa deberán achegar á finalización efectiva da obra, e en todo caso, previamente ao acto de recepción, a documentación que figura no informe do arquitecto supervisor municipal de 18 de marzo de 2022, procedendo a continuación levar a cabo o acto formal de recepción, logo da comprobación do estado das obras.

11. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00024531W.

Inicio do procedemento para a imposición de penalidades a EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES SA por incumprimento de contrato, con causa na demora acumulada de 9 días hábiles na execución das obras de Urbanización da unidade de actuación nº 11 do Plan Especial de reforma interior Fontiñas – Cotaredo – San Lázaro (Urbanización da zona libre-75).

Acórdase iniciar o procedemento para a imposición de penalidades a EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES SA por incumprimento de contrato, con causa na demora acumulada de 9 días hábiles na execución das obras de Urbanización da unidade de actuación nº 11 do Plan Especial de reforma interior Fontiñas – Cotaredo – San Lázaro (Urbanización da zona libre-75).

O importe da penalidade que corresponde a esta demora é de 638,64 € e farase efectivo mediante dedución das cantidades que, en concepto de pago total ou parcial, deban aboarse ao contratista ou sobre a garantía cando no poidan deducirse dos mencionados pagos.

12. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00056186D.

Devolución fianza definitiva do contrato de “Obras de edificación destinada a “Centro Xove de Creación Cultural da Almaciga”” . CON/55/2014.

Autorízase a devolución da fianza constituída pola empresa, CONSTRUCCIONES Y OBRAS PÚBLICAS Y CIVILES, SA. (COPCISA, SA), por importe de 8.246,28 euros depositada para responder do contrato de “Obras de edificación destinada a “Centro Xove de Creación Cultural da Almaciga””.

13. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2022/00010264Z.

Renovación da autorización de venda ambulante do mercadiño de Salgueiriños da titularidade de A. C. M.

Acórdase acceder ao solicitado por **A. C. M.**, e renovar para o ano 2022 a autorización de venda ambulante do mercadiño de Salgueiriños da que é titular.

14. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2022/00010422B.

Renovación da autorización de venda ambulante do mercadiño de Salgueiriños da titularidade de A. J. R.

Acórdase acceder ao solicitado por **A. J. R.**, e renovar para o ano 2022 a autorización de venda ambulante do mercadiño de Salgueiriños da que é titular.

15. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2022/00010420D.

Renovación da autorización de venda ambulante do mercadoño de Salgueiriños da titularidade de F. G. B.

Acórdase acceder ao solicitado por **F. G. B.** e renovar para o ano 2022 a autorización de venda ambulante do mercadoño de Salgueiriños da que é titular.

16. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2022/00010408C.

Renovación da autorización de venda ambulante do mercadoño de Salgueiriños da titularidade de D. C. C. M. M.

Acórdase acceder ao solicitado por **D. C. C. M. M.** e renovar para o ano 2022 a autorización de venda ambulante do mercadoño de Salgueiriños da que é titular.

17. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2022/00010991M.

Renovación da autorización de venda ambulante do mercadoño de Salgueiriños da titularidade de M. B. S.

Acórdase acceder ao solicitado por **M. B. S.** e renovar para o ano 2022 a autorización de venda ambulante do mercadoño de Salgueiriños da que é titular.

18. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2022/00010399B.

Renovación da autorización de venda ambulante do mercadoño de Salgueiriños da titularidade de B. G. B.

Acórdase acceder ao solicitado por **B. G. B.** e renovar para o ano 2022 a autorización de venda ambulante do mercadoño de Salgueiriños da que é titular.

19. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2022/00010361L.

Renovación da autorización de venda ambulante do mercadoño de Salgueiriños da titularidade de A. G. J.

Acórdase acceder ao solicitado por **A. G. J.** e renovar para o ano 2022 a autorización de venda ambulante do mercadoño de Salgueiriños da que é titular.

20. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2022/00015842A.

Renovación de autorización de venda ambulante do mercadoño de Salgueiriños da titularidade de A. Á. B.

Acórdase acceder ao solicitado por **A. Á. B.** e renovar para o ano 2022 a autorización de venda ambulante do mercadoño de Salgueiriños da que é titular.

21. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2022/00010282D.

Renovación da autorización de venda ambulante do mercadoño de Salgueiriños da titularidade de A. M. B.

Acórdase acceder ao solicitado por **A. M. B.** e renovar para o ano 2022 a autorización de venda ambulante do mercadoño de Salgueiriños da que é titular.

22. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2022/00010267V.

Renovación da autorización de venda ambulante do mercadoño de Salgueiriños da titularidade de J. C. M.

Acórdase acceder ao solicitado por **J. C. M.** e renovar para o ano 2022 a autorización de venda ambulante do mercadoño de Salgueiriños da que é titular.

23. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2022/00010425Z.

Renovación da autorización de venda ambulante do mercadoño de Salgueiriños da titularidade de C. F. S.

Acórdase acceder ao solicitado por **C. F. S.** e renovar para o ano 2022 a autorización de venda ambulante do mercadoño de Salgueiriños da que é titular.

24. SERVIZOS BÁSICOS. Referencia: 2022/00010261B.

Renovación de autorización de venda ambulante do mercadiño de Salgueiriños da titularidade de D. G. G.

Acórdase acceder ao solicitado por **D. G. G.** e renovar para o ano 2022 a autorización de venda ambulante do mercadiño de Salgueiriños da que é titular.

25. SERVIZOS BÁSICOS. Referencia: 2022/00010258P.

Renovación de autorización de venda ambulante do mercadiño de Salgueiriños da titularidade de D. J. J.

Acórdase acceder ao solicitado por **D. J. J.** e renovar para o ano 2022 a autorización de venda ambulante do mercadiño de Salgueiriños da que é titular.

26. IGUALDADE-MULLER. Referencia: 2022/00014945A.

Solicitud de subvención á Secretaría Xeral da Igualdade da Consellería de Emprego e Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da C.A. de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, e se procede a súa convocatoria para 2022.

Acórdase:

PRIMEIRO.- Que o Concello de Santiago SOLICITE unha subvención á Consellería de Emprego e Igualdade, no marco de AXUDAS E SUBVENCIÓNS A ENTIDADES LOCAIS: PROGRAMA DE APOIO AOS CENTROS DE INFORMACIÓN Á MULLER (CIM), previsto no artigo 8 da Resolución do 7 de marzo de 2022, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións as entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual ou mediante o sistema de xestión compartida, e se procede á súa convocatoria no ano 2022

SEGUNDO.- Aprobar a solicitude de subvención para as seguintes liñas:

1.1.- Subvención para o posto de asesoría xurídica: A súa dedicación ao CIM é de xornada parcial (50 %).

1.2.- Subvención ao posto de atención psicolóxica. A súa dedicación ao CIM é de xornada completa.

1.3.- Subvención para o posto de traballo de axente de igualdade. A súa dedicación ao CIM é de xornada completa.

Que serán subvencionables os custos directos de dito persoal xerados entre o 1 de abril de 2022 ata o 31 de marzo de 2023. Os gastos de persoal correspondentes ao período comprendido entre o 1 de abril de 2022 ata o 30 de novembro de 2022, imputaranse ao exercicio 2022 e os gastos correspondentes ao período comprendido entre o 1 de decembro de 2022 ata o 31 de marzo de 2023, ao exercicio 2023.

TERCEIRO.- Acordar a solicitude pola cantidade de 45.000,00 euros ao abeiro do Programa de apoio aos CIM, a cantidade de 30.667,00 € para o exercicio 2022 e 15.333,00€ para o exercicio 2023.

Que para o posto de asesoramento xurídico dado que é laboral temporal e súa dedicación e a tempo parcial, a contía máxima será de 7.000 euros, e para a atención psicolóxica, dado que tamén é laboral temporal pero que a súa dedicación ao CIM e a tempo completo, a contía máxima da axuda será de ata 14.000 euros.

E para o posto de axente de igualdade, a contía máxima da axuda será de ata 25.000 euros por posto de traballo a tempo completo.

Polo que a contía total a solicitar podería ascender á cantidade de 46.000.- euros (CORENTA E SEIS MIL EUROS) (21.000.-€ + 25.000.-€), pero segundo o artigo 8.5. A contía total máxima de axuda que se pode conceder ao abeiro do Programa de apoio aos CIM é de 45.000 euros, no caso de que se trate dunha solicitude individual.

A solicitude desta subvención non implica ningún gasto para este concello.

27. ASISTENCIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL. Referencia: 2022/00015251X.

Préstamo temporal de obras de arte e pezas históricas para a exposición “Cidades no tempo. Memoria, historia e urbanismo nas cidades galegas”.

Acórdase:

Primeiro. Autorizar o préstamo temporal, a favor da Fundación Cidade da Cultura de Galicia e Afundación, das seguintes obras e pezas das que é titular o Concello de Santiago de Compostela.

☒ Diploma en papel enmarcado “Premio do Consello de Europa”. Ano 1985.

☒ Escultura Virxe do Camiño. Anónimo. Século XIII.

☒ Cadeiras de rexedores de Santiago. Domingo de Andrade. Ano 1690.

☒ Caixa de caudais. Anónimo. Século XVIII.

☒ Acuarela “Vista de Santiago”. Ramón Gil Rey. Ano 1837.

☒ Óleo “A romaría”. Juan Luis López, “Juan Luis”. Ano 1914.

A cesión temporal dos bens indicados suxéitase ao cumprimento estrito das seguintes condicións:

☒ Os bens cedidos unicamente se poderán destinar á súa exhibición proxecto expositivo “Cidades no tempo. Memoria, historia e urbanismo nas cidades galegas”. Calquera outro uso deberá ser previamente autorizado.

☒ O préstamo temporal comprende desde o momento da recollida dos bens ata a súa entrega e a súa duración máxima será coincidente coa da mostra para a que se ceden. A prórroga deste período require de autorización municipal.

☒ A Fundación Cidade da Cultura de Galicia e Afundación garantirán a adecuada conservación dos bens cedidos e responderá da súa seguridade e vixilancia.

Todos os aspectos loxísticos e de seguridade adecuaranse ao código deontolóxico do ICOM.

☒ A Fundación Cidade da Cultura de Galicia e Afundación asegurarán os bens cedidos durante o período de vixencia do préstamo temporal.

☒ Na exposición no catálogo da exposición farase constar a súa cesión polo Concello de Santiago de Compostela, do seguinte xeito:

☒ Premio do Consello de Europa: Concello de Santiago.

☒ Óleo “A romaría”: Concello de Santiago.

☒ Escultura Virxe do Camiño: Concello de Santiago. Depositada no Museo do Pobo Galego.

☒ Cadeiras de rexedores de Santiago: Concello de Santiago. Depositadas no Museo do Pobo Galego.

☒ Caixa de caudais: Concello de Santiago. Depositada no Museo do Pobo Galego.

☒ Acuarela “Vista de Santiago”: Concello de Santiago. Depositada no Consorcio de Santiago.

☒ Unha vez rematada a mostra para a que se ceden, os bens serán devoltos aos seus depósitos no mesmo estado no que foron entregados.

De aprezarse algunha incidencia, de calquera natureza, nos bens devoltos, farase constar nun informe.

Segundo. Autorizar a reprodución de imaxes das obras e pezas que se prestan no catálogo ou publicacións que se elaboren con motivo da exposición. A publicación con calquera outra finalidade diferente ou non vencellada directamente ao proxecto expositivo “Cidades no tempo. Memoria, historia e urbanismo nas cidades galegas” deberá ser previamente autorizada.

Terceiro. Notificar este acordo aos interesados para o seu coñecemento e para os efectos oportunos.

28. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00016208R.

Dar conta das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas.

Tómase coñecemento das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas de datas 25 ao 31 de marzo de 2022.

URXENCIAS

29. Cambio de denominación social da sociedade CESP, COMPAÑÍA ESPAÑOLA DE SERVICIOS PÚBLICOS AUXILIARES, SAU que pasa a denominarse PREZERO ESPAÑA, SAU. Tómase razón do cambio de denominación social da sociedade CESP, COMPAÑÍA ESPAÑOLA DE SERVICIOS PÚBLICOS AUXILIARES, SAU que pasa a denominarse PREZERO ESPAÑA, SAU, de tal xeito que toda clase de dereitos e obrigas pendentes e futuras que a vinculen con este Concello entenderanse coa sociedade PREZERO ESPAÑA, SAU, e domicilio social na rúa Albarracín, nº 44, 28037 Madrid.